

# LINGUA INGLESA

1. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE PARA O CURSO 2019-2020. OS MÍNIMOS ESTÁN RESALTADOS EN NEGRÍÑA.

## 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC
<b>BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>			
B1.1 Estratexias de comprensión de textos orais: -Formulación de hipóteses... Identificación do tema. Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais, linguaxe non verbal, ou con ilustracións en papel ou soporte dixital. Seguimento de instrucións, Repetición, memorización e observación de modelos. Tróns sonoro-rítmicos e de entoación moi sinxelos.	B1.1 - Comprender o sentido xeral de textos orais moi sinxelos (contos, rimas e adiviñas) emitidos con claridade e lentamente e con apoio visual. B1.2 Comprender preguntas e informacións sobre información persoal (nome, idade, gustos), así como instrucións e peticións de comportamento na aula. B1.3- Facer hipóteses sobre o sentido dun texto.	<b>PLEB1.1</b> Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción presentado con apoio visual. <b>PLEB1.2</b> Comprende vocabulario moi elemental sobre temas familiares acompañados de imaxes (a escola, a familia, o corpo, festas tradicionais) <b>PLEB1.3</b> Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo, (nome, idade) <b>PLEB1.4</b> Sigue instrucións e comprende peticións relativas ó desenvolvemento da clase ( sit down, stand up, colour, write, ) <b>4. Comprende as fórmulas básicas de relación social (saúdos, presentacións, agradecementos, desculpas).</b>	CCL  CCL CC S  CCL  CCL CA A  CCS CEC
<b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN</b>			
<b>B2.1.</b> Estratexias de produción de textos orais: - Planificación, execución e control mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos. Participación activa nas rutinas de clase ( pasar lista , dicir a data, ...), en representacións, cancións,... Repetir e reproducir textos orais sinxelos seguindo patróns orais. Imitar situacións de comunicación sinxelas a, través de xogos, rutinas,... Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación de aniversario, expresión de estados de ánimo,...) <b>B2.2</b> Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicas.	B2.1. Falar de si mesmo e de obxectos da súa contorna achegando información fundamental ( idade, nome, cor) usando frases moi sinxelas. B2.2. Participar de maneira comprensible en conversas sobre temas familiares. B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. -	<b>PLEB 2.1</b> Fai presentacións moi breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, ... (presentarse e dar información básica sobre si mesmo, nome e idade) usando estruturas moi sinxelas. <b>PLEB2.2.</b> Responde para dar información en conversas elementais (nome, idade, cor favorita). <b>PLEB2.3</b> Aмосa actitude de escoita atenta. <b>Respecta as normas que rexen a interacción oral.</b> <b>PLEB2.4.</b> Reproduce textos orais sinxelos... (cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. <b>PLEB 2.5</b> Imita e repite as expresións do docente.	CCL  CCL  CS C  CCL
<b>BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>			
B3.1. Estratexias de comprensión de textos escritos: Actualización dos coñecementos	B3.1.II identificar o tema e comprender o sentido xeral de textos moi sinxelos con apoio visual.	PLEB 3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. (Localiza estas	CL

<p>previos sobre o tipo de texto que se vai ler. Identificación da idea global de textos sinxelos (contos, rimas). Identificación de palabras clave relacionadas cos personaxes a través da linguaxe non verbal ou con apoio de ilustracións.</p> <p>B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos...</p>	<p>B3.2. Utilizar estratexias básicas de formulación de hipótese para a comprensión do sentido xeral do texto.</p> <p>B3.3. Discriminar patróns gráficos que expresan pausa e interrogación.</p> <p>B.3.4. Ler en voz alta palabras xa traballados de forma oral previamente.</p>	<p>palabras e asóciaas coas imaxes correspondentes).</p> <p>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica as personaxes principais.</p> <p>PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título e das imaxes que o ilustran.</p> <p>PLEB3.4. Le en voz alta palabras xa traballadas previamente.</p>	<p>CCL</p> <p>CCL CA A</p> <p>CCL CA A</p>
<p><b>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN</b></p>			
<p>Estratexias de produción de textos escritos:</p> <p>B4.1. Planificación, execución e control mediante procedementos lingüísticos e paratextuais. Uso do dicionario visual do alumnado e programas informáticos para aclarar vocabulario.</p> <p>B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: uso dos signos de puntuación básicos, iniciación ao proceso de asociación global de grafía e pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p>	<p>B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos (frases simples illadas) seguindo modelos, utilizando as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá en situacións familiares e predecibles.</p> <p>B4.2. Utilizar as estratexias básicas para a produción de textos escritos elementais.</p> <p>B4.3. Iniciar na aplicación de patróns gráficos para escribir palabras seguindo un modelo.</p>	<p>PLEB4.1 Escribe palabras relacionadas coa súa vida cotiá seguindo un modelo, copia.</p> <p>PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas.. Por exemplo para escribir tarxetas nas que felicita a alguén a partir dun modelo, copiando algunhas palabras básicas e incluíndo debuxos.</p> <p>PLEB 4.4. Elabora borradores e revisa o texto antes de presentalo.</p>	<p>CC L</p> <p>CCL</p> <p>CSC CCE C</p> <p>CAA</p>
<p><b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b></p>			
<p>B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira. Recoñecemento e uso de fórmulas básicas de relación social. Interese polo traballo individual en parellas ou grupos.</p> <p>B5.2. Funcións comunicativas: Establecemento de relacións sociais: saudar, despedirse, agradecer, dirixirse aos demais. Preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais (nome, idade e gustos). Preguntas e respostas sinxelas sobre obxectos próximos á contorna escolar, os días da semana e o tempo atmosférico). Expresión de cantidade. Expresión de estados de ánimo.</p> <p>B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas: Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita ou estado de ánimo. ( what´s your name? My name...I,´m,,,, How old are you? , ...</p>	<p>B5.1.</p> <p>B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.</p> <p>B5.3. Obter e dar información persoal básica, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.</p> <p>B.5.4. Expresar noções moi básicas e elementais relativas a cantidade, forma e cor.</p> <p>B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos.</p> <p>B5.6. Comprender e expresar o permiso ou acordo.</p> <p>B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p> <p>B5.8 Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</p> <p>B5.9. Utilizar estruturas sintácticas básica</p>	<p>PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara o diferente.</p> <p><b>PLEB5.2. Recoñece fórmulas básicas de relación social. Yes, please / no thank you.</b></p> <p><b>PLEB5.3 Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.</b></p> <p><b>PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedida e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).</b></p> <p>PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos (nome, idade ) e da súa contorna (obxectos.).</p> <p><b>PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad,..)</b></p> <p>PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you can´t, can).</p> <p>PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC CCE C</p> <p>CSC CAA CCE C</p> <p>CSC CCE C</p>

		PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas	
--	--	---	--

## 2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC
<b>BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>			
<p>B1.1 Estratexias de comprensión de textos orais:</p> <p>- Formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar tendo en conta os interlocutores e o contexto. Captación da ideta global e identificación de elementos específicos en textos orais. Identificación do tema de contos, rimas, cancións. Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixitais. Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas. Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico.</p> <p>B1.2. Patróns sonoros-rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira.</p>	<p>B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais (contos sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos lentamente, con claridade e con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</p> <p>B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.</p> <p>B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.</p> <p>B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.</p>	<p><b>PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, ... e con apoio visual.</b></p> <p><b>PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares coa axuda de de apoio visual (a escola, o corpo e as enfermidades, a familia, os xogos, a roupa, sentimentos, números, cores, días da semana, meses do ano, tempo atmosférico).</b></p> <p><b>PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e sobre os demais.</b></p> <p><b>PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar (Open/close the book, sit down...).</b></p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CC</p> <p>S</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CA</p> <p>A</p> <p>CCS</p> <p>CEC</p>
<b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN</b>			
<p>B2.1 Estratexias de produción de textos orais:</p> <p>- Planificación (concebir a mensaxe con claridade e practicala varias veces), execución (expresarse con claridade coa axuda de modelos, ...), e control mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos e paraverbais.</p> <p>B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.</p>	<p>B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and, or).</p> <p>B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.</p> <p>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</p>	<p><b>PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas</b> (presentarse, dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; describir brevemente e de xeito sinxelo o aspecto exterior dun obxecto (cor, tamaño), usando estruturas moi básicas,).</p> <p><b>PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).</b></p> <p><b>PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.</b></p> <p><b>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos</b></p> <p><b>PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira</b></p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CA</p> <p>A</p>
<b>BLOQUE 3: COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>			
<p>B3.1 Estratexias de comprensión de textos escritos:</p>	<p>B3.1.1- Aplicar as estratexias básicas para a comprensión do sentido xeral, a</p>	<p><b>PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos</b></p>	<p>CCL</p>

<p>- Mobilización de coñecementos previos. identificación da idea global e de palabras claves, Comprobación e reformulación de hipóteses.</p> <p>B3.2 Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía; linguaxe non verbal. Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>B3.3 Patróns gráficos e convencións ortográficas básicas.</p>	<p>información esencial ou os puntos principais do texto.</p> <p>B3.1.2- Identificar o tema e o sentido xeral en textos, tanto impresos como dixitais, moi breves e sinxelos, con predominio de estruturas sinxelas e léxico de moi alta frecuencia, sobre temas moi coñecidos e cotiáns.</p> <p>B3.3 Discrimina patróns gráficos e Recoñece símbolos de uso frecuente (pausas e signos de interrogación) identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.</p> <p>B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas</p>	<p><b>relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</b></p> <p><b>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais</b></p> <p>PLEB3.3. Formula hipótese sobre o contido a partir das ilustracións, o título e outros elementos gráficos.</p> <p><b>PLEB3.4. Le en voz alta palabras e frases previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.</b></p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p>
<p><b>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN</b></p>			
<p>Estratexias de produción de textos escritos: Planificación, execución e control mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos e paratextuais</p> <p>B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: signos de puntuación (pausa e interrogación), asociación global de grafía, pronunciación e significado)</p>	<p>B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, ...</p> <p>B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.</p> <p>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir palabras curtas e frases.</p>	<p><b>PLEB4.1. Escribe palabras traballadas previamente de forma oral, seguindo un modelo se é necesario.</b></p> <p><b>PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas seguindo un modelo.</b></p> <p><b>PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...)</b></p> <p>PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores.</p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p>
<p><b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b></p>			
<p>B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: - Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira. - Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía. - Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado.</p> <p>B5.2. Funcións comunicativas: - saudar, agradecer, despedirse, preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo (nome, apelido, idade, gusto), expresión do que lle gusta e non lle gusta, preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda, preguntas e respostas sobre o estado de ánimo, preguntas e respostas en relación á cantidade.</p> <p>B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas: What's your name?, My</p>	<p>B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.</p> <p>B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas.</p> <p>B5.4. Obter e dar información básica persoal.</p> <p>B5.5. Expresar noicións moi básicas e elementais (cantidade, número, tamaño e cor)</p> <p>B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.</p> <p>B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p>	<p><b>PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</b></p> <p>PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social</p> <p>PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.</p> <p><b>PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).</b></p> <p>PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.</p> <p><b>PLEB5.12. Participa activamente.</b></p> <p><b>PLEB5.13. Expresa estados de ánimo</b></p>	<p>CSC CCE C</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CSC CCL</p>

<p>name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It's, I'm (hungry)) ...</p> <p>B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 20, materiais e dependencias escolares, membros da familia, xogos, emocións, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, partes do corpo e enfermidades, roupa)</p>	<p>B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación</p>	<p>elementais (happy/sad, scared, hungry, angry, tired)</p> <p>PLEB5.15. A moso interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.</p>	
--	--	--	--

2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN A TER EN CONTA PARA A AVALIACIÓN DO ALUMNADO NO CURSO 2019-2020.

1. **Esta avaliación seguindo as instrucións da Consellería de Educación CONSIDERARÁ EN CONXUNTO AS AVALIACIÓNS 1ª E 2ª E TERÁ EN CONTA AS APRENDIZAXES DESENVOLVIDAS NESTAS DÚAS AVALIACIÓNS, VALORANDO ESPECIALMENTE AS APRENDIZAXES E COMPETENCIAS IMPRENCINDIBLES.**
2. **A avaliación das actividades e aprendizaxes realizadas neste terceiro trimestre só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado, non podendo puntuar negativamente en ningún caso.**
3. **Asemade, a avaliación do terceiro trimestre terá carácter formativo. É necesario identificar aqueles obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave fundamentais que non deu tempo a traballar de xeito presencial para incluílas no currículo do curso que vén e prevenir, así, as lagoas que poidan xurdir no futuro.**

Os **procedementos de avaliación** para o primeiro e o segundo trimestre foron:

- **Observación diaria** do traballo do alumno na aula: interese e curiosidade hacia a lingua inglesa, actitude de escoita atenta, nivel de participación nas actividades propostas e finalización das tarefas.
- **Valoración das producións** do alumno: respostas verbais e non verbais que

mostran comprensión, uso da lingua para comunicarse e participar nas actividades, pronunciación do vocabulario e expresións, traballo escrito (corrección, orde e limpeza).

- **Observación do comportamento e a actitude** do alumno: cumprimento das normas de clase e actitude de colaboración e respecto hacia a mestra e os compañeiros.

**Os criterios de calificación** que se seguiron foron como sigue:

Observación diaria do traballo do alumno na aula: 40

Valoración das producións : 50

Observación do comportamento e a actitude:10

A avaliación do terceiro trimestre farase sobre as aprendizaxes do primeiro e segundo trimestre. Por isto, teranse en conta os resultados das avaliacións anteriores. Pero tamén **se valorará de xeito positivo a información que os pais nos acheguen sobre a participación dos nenos nas actividades propostas durante este tempo de confinamento. De este modo, a nota resultante da valoración ponderada da primeira e segunda avaliación poderá mellorar ata nun punto.**

